



# BANDO

---

## RECORDATORIO DAS OBRIGAS DOS RESPONSABLES DOS TERREOS FORESTAIS CONTEMPLADOS NA LEI 3/2007, DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DE GALICIA.

---

JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, ALCALDE DO CONCELLO DE BRIÓN ( A Coruña ),

INFORMO:

Que a vixente Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, modificada polas leis 1/2010, de 11 de febreiro; 15/2010, de 28 de decembro; 7/2012, de 28 de xuño e 14/2013, de 26 de decembro, establece nos seus artigos 21, 21 bis, 21 ter e 22, as obrigas das persoas físicas e xurídicas responsables das parcelas incluídas nas faixas de especial protección de núcleos, que deberán cumprir coas obrigas de xestión do combustible vexetal ( tala e roza ), **antes do 30 de xuño de cada ano**, xestionando a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado, así como arredor de edificacións, vivenda illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte, de maneira que nos primeiros 30 metros non poderá haber nin piñeiros nin eucaliptos nin acacias, de acordo cos criterios de xestión da biomasa establecidos na súa disposición adicional terceira.

As distancias no caso de edificacións, vivendas illadas ou urbanizacións mediranse desde o paramento das mesmas. No caso de depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, mediranse desde o límite das instalacións.

**No caso de incumprimento das obrigas sinaladas** anteriormente, segundo o artigo 22 da Lei sinalada, o Concello de Brión poderá proceder á notificación ás persoas responsables da súa obriga, advertíndolle da posibilidade de execución subsidiaria en caso de incumprimento e sen prexuízo da instrución do procedemento sancionador que correspondese e da aplicación de multas coercitivas, no seu caso.

Brión, 10 de marzo de 2014

O alcalde

José Luis García García